

RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚEN MEMBROS DA COMISIÓN DE SELECCIÓN

Feitos

Con data do 4 de setembro de 2024, a presidenta da comisión de selección da praza 24/1015 de profesor/a substituto/a (convocada por Resolución reitoral do 16 de xullo de 2024), Emma Rodríguez Maseda, comunica que o representante dos traballadores, Daniel López López, incorre con algún candidato/a en conflitos de interese dos establecidos no Real decreto 678/2023, de 18 xullo, polo que se regula a acreditación estatal para o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso a prazas de ditos corpos.

Consideracións legais e técnicas

Os apartados 6.4 e 6.5 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado (aprobada polo Consello de Goberno do 30 de abril de 2014), establecen o procedemento para a substitución dos membros das comisións de selección que, por causa xustificada e así apreciada polo reitor, non poidan actuar como membros da comisión.

No presente caso as causas alegadas xustifican a substitución dos citados membros da comisión de selección.

Esta reitoría é competente para resolver segundo o artigo 36 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio, (DOG do 26).

De acordo con todo o que foi indicado, dispón a substitución do seguinte membro da comisión de selección da praza 24/1015:

Representante dos traballadores: substitución de Daniel López López por Carmen de Labra Pinedo, proposta polo presidente do comité de empresa.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

Por delegación do reitor (R.R. 10/07/2024)

A vicerreitora de Profesorado

María Teresa López Fernández

Código Seguro De Verificación	kpNgbG1Rial09oy7ZxRhPw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	05/09/2024 09:25:36
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/kpNgbG1Rial09oy7ZxRhPw=		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

